

# AYUNTAMIENTOS

## PONTEVEDRA

### ANUNCIO

O Pleno do Concello de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 20 de febreiro de 2009, adoptou a seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as Directrices para a aprobación das ordenanzas reguladoras de usos e protección dos espazos públicos e instrucións sobre o tratamento dos espazos públicos ditaminadas pola Comisión do Pleno de ordenación do territorio, infraestruturas e obras en sesión de 11/02/2009.

SEGUNDO: Dispoñer a publicación do texto íntegro das devanditas Directrices para xeral coñecemento no BOP, taboleiro de editos do Concello e páxina web “<http://www.pontevedra.eu/>.”

O que se fai público para coñecemento xeral, de acordo co artigo 70 da lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e 21 da lei 30/1992 reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

O texto íntegro das directrices é o seguinte:

“Directrices para a aprobación das ordenanzas reguladoras de usos e protección dos espazos públicos e instrucións sobre o tratamento dos espazos públicos.

#### PREÁMBULO

##### I

#### *Importancia dos espazos públicos*

Os espazos públicos constitúen un elemento fundamental e decisivo entre os factores que inciden na calidade e na ordenación da vida individual e colectiva, dado que neles se desenvolven unha grande cantidade de actividades básicas para o bo funcionamento económico, residencial e da vida social; en particular, todas as relacionadas co acceso peonil e rodado, convivencia, lecer, e uso e disfrute dos propios espazos. En ámbitos xeográficos de actividade secundaria, terciaria e residencial, podemos afirmar con rotundidade, e sen temor a ningunha esaxeración, que os espazos públicos non son o residual do privado, tal e como se insinúa ou se defende abertamente dende certos postulados ultraindividualistas da sociedade e do seu funcionamento; moi ao contrario, os espazos públicos constitúen elemento fundamental de todo o entramado de titularidades e, sen eles, non terían sentido as propiedades privadas.

En consecuencia, resulta imposible acadar unha sociedade igualitaria, solidaria e cohesionada sen unha nova cultura do público en xeral e dos espazos públicos en particular; nova apreciación e valoración dos espazos públicos que está avanzando

con firmeza e decisión en cada vez mais amplos sectores sociais, tal e como se reflicte na preocupación, que de xeito cada vez máis aberto e expreso, manifestan en relación á calidade, sostemento, convivencia e demais aspectos dos espazos públicos. Todos os indicadores sociais apuntan na dirección de que está a desaparecer a, outrora moi abundante, percepción de que os espazos públicos non teñen ningún valor e, en consecuencia, non merecen atención nin protección por parte dos seus usuarios nin da administración que os tutela.

O feito diferencial e esencial dos espazos públicos está na súa propiedade e uso colectivos, é dicir, a titularidade e uso público xeral e permanente polos veciños, tendo a administración o papel de tutelalos e regularlos, sen esquecer nunca a quen pertencen e a que están destinados. Polo tanto, o fundamental é partir da asunción deste feito diferencial, e, na súa consecuencia, xerar unha nova cultura e unha nova actitude colectiva en relación aos espazos públicos, cultura e actitude que son as ferramentas esenciais para acadar que volvan ser o que nunca deberon deixar de seren: espazos comúns de convivencia e prestación de servizos, cunha alta preocupación e implicación dos seus usuarios no obxectivo de que cumpran eficazmente estas funcións.

Cando nos referimos aos espazos públicos, estámonos referindo a todos, tanto aos urbanos como aos do rural, e mesmo en algúns aspectos aos comunais, pois en todos os lugares son necesarios e igual de importantes, e, incluímos tanto os que son resultado de procesos antropoxénicos, -especialmente de urbanización-, como aos naturais que se deben recuperar e manter como tales; todos eles, xogan papeis diferentes pero de igual transcendencia e deben ser tratados e incorporados á nova cultura do público cos seus aspectos diferenciados e características específicas.

Nun Concello como o de Pontevedra, onde non hai tantos anos existía, tanto no rural como na cidade, abundancia de espazos públicos ou de uso público, aínda que fosen de titularidade privada, quizais se dou con maior gravidade o fenómeno de desprezo ou minusvaloración dos espazos públicos pola súa proliferación. A dinámica social e de crecemento económico levou a que, na práctica, a dispoñibilidade destes espazos de uso público se fosen reducindo mentres que correlativamente aumentaba a súa demanda, pasando en moi poucas décadas da abundancia e ampla dispoñibilidade a ser un ben moi escaso e, en consecuencia, valorado socialmente e necesitado de regulación e protección.

Ademais cómpre lembrar para salientar a súa importancia, que os espazos públicos, tanto no solo como no subsolo, son o soporte fundamental para a meirande parte dos servizos públicos, tanto de mobilidade como urbanos de subministros enerxéticos, do ciclo da auga ou telecomunicacións, estean

catalogados como tales servizos públicos ou asimilados a tal condición.

## I I

### *Necesidade de mantemento dos espazos públicos*

A nova preocupación social pola consecución de novos espazos públicos e colectivos que se manifesta tanto no rural como no urbano e os avances que nesta dirección se van logrando, tanto por parte de comunidades de montes e similares como pola administración municipal, de pouco servirían se non levan aparelado un grande esforzo para mantelos nas mellores condicións co obxectivo de que sirvan plenamente as súas variadas funcións.

Trala case desaparición de figuras societarias como o traballo comunitario dos veciños, así como o aproveitamento da vexetación espontánea e outros produtos e subprodutos dos espazos comúns —e mesmo privados—, para a satisfacción de necesidades, hoxe cubertas de outros xeitos, a responsabilidade no sostemento dos espazos públicos pasou a recaer case exclusivamente na Administración, se ben se complementa cunha regulación do uso dos espazos públicos polos cidadáns a título individual. Se a isto engadimos o cada vez maior nivel de esixencia social en relación á calidade e estado dos espazos públicos, xunto á cada vez maior cantidade, extensión e complexidade deles, teremos un panorama claro da situación e, a súa vez, a evidencia de que se necesita un enorme esforzo tanto por parte da cidadanía, sexa directamente a través das súas condutas ou o no cumprimento das obrigas sobre as súas propiedades que poidan incidir no espazo público, como a través da administración que tutela os espazos públicos e adica á súa conservación e sostemento os recursos que os cidadáns achegan.

O avance das novas actitudes de preocupación e esixencias verbo dos espazos públicos, debe ser fomentado e potenciado pois constitúe unha faceta positiva e encomiábel, pero, á súa vez, debe ser canalizado correctamente e levar aparelado os diagnósticos e medidas acaidas como as que se pretenden instaurar con estas Directrices. Evitar camiños erróneos ou solucións supostamente máxicas, pero irrealis e contraproducentes, debe ser principio reitor de todas as actuacións; desviarse deste principio pode conducir a consecuencias nefastas como a frustración ou a focalización dos problemas en aspectos moi sectoriais —e no fondo, relativamente pouco relevantes en relación á magnitude global dos espazos públicos e do que neles sucede—, cando non a actitudes abertamente prexuízosas e fora da realidade.

O problema é universal e a perspectiva debe ser global e afectar á actitude con que se afrontan so-

cialmente todas as actuacións e usos dos espazos públicos. Entendemos nesta idea, e a título exemplificativo, que a mesma consideración e gravidade deben ter os destrozos no mobiliario causados polos vehículos como por actos vandálicos sexan ou non baseados en motivos reivindicativos, igual de grave é verter produtos que afectan aos espazos públicos nunha concentración que aceites os vehículos, afecta tanto negativamente ao espazo público o lixo xerado por un mercado que polo garrafeo, as pintadas agresivas para o patrimonio ou o ornato de calquera orixe, e empeoran a imaxe e ornato da cidade e poden ter o mesmo efecto negativo segundo o lugar no que se coloquen ou tamaño os carteis comerciais que os de carácter social ou político. A cuestión afecta, como vemos, a calquera tipo de actividade e sector social e, no fondo, o fundamental é a actitude global cara os espazos de uso público, non podendo centrarse a atención só nun determinado uso nin sector da sociedade ou de idade.

## I I I

### *Os obxectivos das Directrices*

Fixada a importancia dos espazos públicos en xeral e no seu conxunto, non debemos esquecer que dentro deles hai moi diversas tipoloxías que deben cumprir fins moi diversos; nestas Directrices realízase un esforzo de categorización e descrición dos espazos públicos e das súas funcións que debe servir de guía para adecuar o seu tratamento aos fins que cada un debe cumprir, evitando o que sería un grave erro: a pretensión de uniformidade e de tratamentos comúns e universais para tipos diferentes de espazos públicos.

Os criterios de calidade, convivencia e bo uso deben ser e son comúns a todos os espazos públicos; a partires destas premisas, cada tipo de espazo debe ter un tratamento e un funcionamento diferenciado que os faga mais acaidos e evite un empobrecemento pola uniformización. Superado o perigo de uniformidade pola vía da adicación total e ao estacionamento, e por mor da urbanización universal, estase en condicións de facer un enfoque mais matizado e variado do tratamento e funcionalidade dos espazos públicos, nunha dinámica mais plural, multiconcorrente e enriquecedora que é outro dos obxectivos que se fixa este documento.

Nos espazos con máis actividade humana e con sobrecarga de usos, non é posíbel nin tan sequera desexábel, unha separación estrita de usos na maioría dos casos, polo que poden e deben convivir harmonicamente variados usos que, moi facilmente, poderían caer en conflito se non se fixan unhas normas de coexistencia de usos e funcións claras e asumidas polos usuarios de diverso signo; en particular, os usos de tráfico rodado e peonil poden e

deben coexistir en condicións e prioridades distintas segundo zonas e características do demanio. En definitiva, os espazos públicos son, pola súa propia natureza, ámbitos nos que coexisten multitude de actividades e case sempre moi escasos para poder segregar usos exclusivos, segregación que, insistimos, non sempre é recomendábel pois estes espazos deben ser áreas de convivencia.

Partindo deste presuposto da coexistencia, as presentes Directrices fixan uns criterios e unhas normas xerais que pretenden compatibilizar e priorizar as actividades que se desenvolven nos espazos públicos sobre a base da solidariedade e da protección dos usos mais vulnerábeis e, en consecuencia, mais necesitados de protección.

Tamén proclama un exercicio de responsabilidade nos usos prioritarios por parte dos servizos públicos de transporte e emerxencias, que evite abusos que poidan converter en privilexios inxustificádos o uso das prerrogativas das que están investidos, e o uso das facultades que se outorgan cara a fins espurios de pura comodidade ou economía. Igual exercicio elevado de responsabilidade esixirase a quen participa na execución das obras públicas para evitar abusos inxustificádos das facultades que se outorgan respecto dos espazos públicos.

Por outra banda, constatamos que a sinalización informativa de diverso tipo e o mobiliario urbano prestan uns servizos fundamentais para o bo funcionamento tanto dos espazos públicos como da colectividade en xeral, sendo algúns deles absolutamente imprescindíbeis (iluminación, colectores...). A súa demanda é elevadísima, corréndose o risco dunha proliferación absolutamente indiscriminada; se a isto sumamos a dificultade da súa correcta colocación, estamos nunha situación na que hai que actuar co máximo coidado e cuns criterios e orde de prioridades.

Proclámase tamén o principio de subsidiariedade verbo da limpeza dos espazos. Os servizos de limpeza deben ser considerados como servizos subsidiarios —en certo modo como constatación dun fracaso colectivo e que debería ser innecesario—, para paliar comportamentos que non se deberían producir por anómalos, incívicos e antiecolóxicos, sen prexuízo do mantemento ordinario. O verdadeiramente ecolóxico e cívico é non ensuciar os espazos públicos.

Así as cousas, as presentes Directrices fixarán os principios xerais consonte aos que se desenvolverán ou modificarán as diferentes ordenanzas específicas que regulen polo miúdo cada un dos aspectos específicos e sectoriais do demanio público local cunha tripla finalidade: priorizar os usos e réximes concorrentes no espazo público, determinar os criterios interpretativos das disposicións da cada

ordenanza específica para integralas dúbidas e lagoas neste marco xeral e resolver as posibles contradicións que se poidan producir entre o regulado en varias ordenanzas ou no seo dunha mesma ordenanza ou regulamento municipal que afecte ao espazo público.

Nun ámbito suxeito a unha enorme proliferación de normas legais de diverso rango, estas Directrices tentan encher un sorprendente baleiro normativo, o que deixa a carencia dunha normativa básica na que se definan dun xeito coherente as pautas básicas para a actuación de protección e regulación de usos dos espazos públicos mais alá dos principios recollidos no art. 6 da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas e da regulación das potestades de investigación, deslinde e recuperación de oficio.

Mentres que a normativa con incidencia neste espazo é abundante e variada, adoece en conxunto dun enfoque global, limitándose a tratamentos sectoriais, ás veces, moi prolixos, pero sen un nexo de unión coa demais normativa sectorial, o que, no mellor dos casos orixina unha profusión caótica de normas e principios de moi difícil manexo, cando non, como ocorre con demasiada frecuencia, incorre en contradicións ou inintelixibilidade, pervertendo un dos principios básicos de toda normativa que debe ser a súa clareza, simplicidade, escala de valores comúns e coherencia.

As presentes Directrices non tratan de regular todos e cada un dos aspectos relacionados coa protección e regulación dos espazos públicos, senón que pretenden facer unha ordenación conceptual e uns criterios de prelación dos que se deriven despois as medidas sectoriais e concretas que dean resposta a cada unha das situacións e necesidades, evitando a tentación regulamentista tan común na normativa en vigor. Fixado o marco, as Ordenanzas e Regulamentos terán un acaído encaixe e poderán ser redactadas ou adaptadas con uns principios comúns e definidos que as doten na prelación de valores e da coherencia necesarios. En definitiva cómpre remarcar o carácter de principios informadores respecto da ordenanzas municipais correspondentes á hora da súa elaboración ou reforma e mesmo no intre da súa aplicación, para o que se aproveitarán as súas determinacións de réxime interno para encher lagoas que amosa o réxime dos bens locais e as ordenanzas municipais en vigor.

## I V

### *A participación e colaboración cidadá*

Todo o que afecta ao público de uso común, universal e irrestrito só pode impulsarse e levarse a cabo coa máxima colaboración cidadá, tanto a través da canalización das súas demandas e sensibilidades en relación ao valor dos espazos públicos

como na súa activa colaboración no seu sostemento e correcta e utilización. Os avances que se teñen dado en calquera dos aspectos que inflúen nos espazos públicos foron posíbeis só na medida en que foron demandados previamente e asumidos posteriormente tanto polos directamente afectados como pola maioría da poboación; a peonalización ou a seguridade nas pistas do rural, por citar só dous exemplos, só foron e seguirán sendo posíbeis na medida en que contén coa colaboración activa de amplos sectores e da asunción maioritaria. Se a actitude maioritaria con relación a algunha medida fose a resistencia pasiva ou activa, non sería posíbel levala a cabo e, moito menos, mantela con eficacia.

O movemento social organizado ten un enorme papel que xogar en relación aos espazos públicos, pero, polo antes exposto, é evidente que nin este movemento asociativo nin a administración, nin ambos conxuntamente son quen de acadar os obxectivos propostos; só un compromiso social e individual moi amplo e maioritario pode acadar que os espazos públicos se poñan en plenitude do seu valor e cumpran as funcións que todos desexamos. A suxestión e a presión do movemento asociativo sobre a administración para que cumpra as súas funcións con eficiencia seguirá a ser un elemento de grande valor, pero a súa eficacia quedará moi mermada se entre todos non acadamos que a asunción social da importancia do público siga a medrar e que a implicación dos cidadáns sexa cada vez máis elevada pois o público é responsabilidade de todos.

O que se propón é un grande pacto de colaboración, corresponsabilidade e coparticipación entre administración e cidadanía para o impulso da calidade e posta en valor dos espazos públicos; este pacto, para impulsalo e mantelo vivo terá uns mecanismos de control e seguimento. Nisto consiste a idea central da participación e colaboración cidadá en relación aos espazos públicos, que se impulsa neste documento. A plasmación e eficacia deste pacto necesita como elemento consubstancial unha fácil interlocución e unha grande participación e colaboración cidadá, para o que resulta imprescindible que as canles de participación sexan amplas e acaídas. A prevención planificada, o seguimento continuo e as actuacións rutinarias deben formar parte fundamental da cultura dos espazos públicos que se trata de impulsar.

Por outro lado, un pacto supón obrigas para as dúas partes; este é outro aspecto novidoso desta proposta; lonxe do carácter regulamentario da maioría dos textos normativos, dirixidos fundamentalmente a regular dereitos e, sobre todo, deberes, dos administrados, destas Directrices derívanse fortes obrigas para a Administración. A natureza de propiedade común e colectiva, de usufructo universal dos espazos obriga pois a todos, administra-

ción e cidadáns, a colaborar na súa protección, coidado e limpeza.

Somos conscientes da complexidade do pacto tanto polos variados usos e funcións que teñen os espazos públicos sometidos a unha elevada intensidade de uso e desgaste, como, e de xeito fundamental, pola diversidade de actitudes sociais que existen en relación a estes ámbitos: desde o individualismo máis feroz e a máis elevada falla de sensibilidade e desprezo, pasando por unha maioritaria e encomiábel actitude solidaria e a maior sensibilidade en relación á importancia e coidado do público. Os cidadáns, tanto os do Concello de Pontevedra como os que nos visitan por diferentes motivos, participan directamente a diario na xestión dos espazos públicos, en canto usuarios e titulares destes espazos, mentres que é a administración quen xestiona e tutela estes espazos; conseguir os fins propostos nestas Directrices e ordes de servizo para os espazos públicos, só se pode acadar cunha interlocución fluída entre cidadáns e administración e cunha participación intensa de ámbalas instancias.

## V

### *Estructura*

As presentes Directrices constan dun título preliminar e VII títulos, con 40 artigos. No título preliminar determínanse o obxecto, fins, alcance e criterios de interpretación, en definitiva as definicións básicas das cuestións que se tratan de regular; especial mención para os principios reitores, nos que, dun xeito novidoso, defínense os obxectivos que deben cumprir os espazos públicos.

No título I, régulanse os usos dos espazos públicos, tarefa complexa dada a pluralidade e non sempre boa coexistencia de moitos deles; faise un grande esforzo de clasificación e fixación de prioridades que, de ser acertado, permitirá que toda a regulación referente aos espazos públicos contida nos regulamentos e ordenanzas municipais teña un marco definido e unha ordenación coherente e lóxica.

O título II versa sobre o deseño e sinalización dos espazos públicos, no que se completa a clasificación do título anterior e se dan as normas básicas do tratamento dos espazos segundo as súas características e finalidades.

No título III abórdanse os aspectos relacionados coa protección dos espazos públicos, no que ademais das normas xerais, abórdanse as actuacións de diverso tipo, merecendo especial comentario as intervencións prioritarias no obxectivo de eliminar dos espazos públicos todo elemento que poida constituír perigo a integridade ou salubridade.

O título IV pauta a utilización e ocupación dos espazos públicos, na liña de garantir ao máximo a súa dispoñibilidade para o acceso universal e, en

consecuencia, restrinxir toda ocupación non xustificada por razóns de interese público ou social, dos dereitos cívicos ou fomento da actividade promocional, económica ou residencial.

No título V regúlase a actividade administrativa en relación ás autorizacións de usos nos espazos públicos, en consonancia cos fins e prelacións fixados nos demais epígrafes da Instrución.

O título VI versa sobre a participación e colaboración cidadá na liña e concepción que se detallaron na alínea IV do Preámbulo.

Finalmente, o título VII fixa os principios do marco xeral sancionador.

En xeral, este documento tenta seguir a técnica do reenvío ás normas aplicables, evitando reiteracións innecesarias e garantindo deste modo a súa permanente actualización polo seu acomodo con aquela. Isto sen prexuízo daquelas relacións enunciadas ou de lembranza, así como das precisións que, obviamente, fai no seu ámbito.

## TITULO PRELIMINAR

### *Disposicións xerais*

#### *Art. 1.—Obxecto*

1.—O obxecto destas directrices, coa natureza xurídica de instrucións ou ordes de servizo dictadas ao abeiro do disposto polo artigo 21 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo que son de obrigado cumprimento para os órganos e unidades administrativas deste Concello, é a regulación básica e xenérica dos usos dos espazos demaniais de uso público do Concello de Pontevedra, así como a regulación da súa protección e mellora para que presten as súas funcións con adecuación aos fins para os que están destinados, para o que se establecen os principios xerais consonte aos que se desenvolverán as diferentes ordenanzas específicas e regulamentos que pauten polo miúdo cada un dos aspectos sectoriais do demanio público local.

2.—Aínda que non ten os efectos propios dunha norma xurídica, considérase conveniente a súa publicación para xeral coñecemento dos criterios municipais sobre a materia.

3.—Esta regulación ten unha tripla finalidade: priorizar os usos e réximes concorrentes no espazo público, determinar os criterios interpretativos das disposicións da cada ordenanza específica para integrar as dúbidas e lagoas neste marco xeral e resolver as posibles contradicións que se poidan producir entre o regulado en varias ordenanzas ou no seo dunha mesma ordenanza ou regulamento municipal que afecte ao espazo público.

4.—A regulación da actividade administrativa relacionada cos usos e protección dos espazos públicos rexerese polo disposto na lexislación básica

estatal en materia de réxime local e do réxime xurídico dos bens e patrimonio das Administracións Públicas así coma pola lexislación ditada pola Comunidade Autónoma Galega no eido das súas competencias.

En todo caso, o Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, ou norma que o substitúa, e, en tanto non sexa alterado pola existencia de norma específica similar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, será de aplicación preferente ás ordenanzas específicas.

#### *Art. 2.—Definicións e ámbito de aplicación.*

1.—Son bens de uso público local aqueles que en cada caso se sinalen pola normativa específica de aplicación. A título exemplificativo considéranse como tales os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais e non restrinxida para os cidadáns, cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local.

2.—O ámbito destas directrices son os espazos definidos no punto anterior así como os predios e construcións de titularidade privada en todo o que poidan afectar aos espazos públicos.

3.—O Concello impulsará a colaboración e coordinación entre as diferentes administracións públicas no exercicio das súas competencias en canto titulares doutros bens de uso público situados neste termo municipal co fin de optimizar a utilización e rendemento dos bens demaniais de uso público e coadjuvar ao cumprimento dos obxectivos destas directrices e ordenamento xurídico en vigor, no desenvolvemento e execución das diferentes políticas públicas e de xestión dos bens demaniais.

#### *Art. 3.—Principios reitores da utilización dos espazos públicos*

Son fins propios da actividade de regulación de usos e protección dos espazos públicos, de acordo cos principios reitores fixados pola normativa básica sinalada no artigo 1, entre outros, os seguintes:

1.—Asegurar que os espazos públicos se usen e se manteñan en congruencia cos fins de utilidade pública e as funcións sociais que lle son inherentes, garantindo a súa plena funcionalidade e cumprimento dos obxectivos, así como a súa aplicación efectiva ó uso xeral ao que estean destinados, sen máis excepcións cás derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas.

2.—Garantir os beneficios colectivos dos servizos que prestan á comunidade, en particular, o uso e disfrute cidadán, a cohesión social e a prestación de servizos.

3.—Preservar o medio urbano e rural, os sinais de identidade e, en xeral, todos os elementos que

configuran os mellores valores tanto naturais e de xeración espontánea como os resultantes das intervencións humanas sobre o territorio.

4.—Garantir o acceso en igualdade real de todos os cidadáns ao uso e disfrute dos espazos públicos, equilibrando os seus usos de xeito que se evite abuso ou uso dominante e exclusivo que perturbe a equidade nas posibilidades de acceso a este ben común, con dedicación preferente ó uso común fronte ó seu uso privativo.

5.—Acadar que os espazos públicos de Pontevedra sexan un elemento central na calidade de vida, funcionais e agradábeis para os residentes e atractivos para os visitantes.

6.—Exercer as competencias das administracións públicas de acordo cos principios de cooperación, coordinación, asistencia activa e información recíproca co obxectivo de garantir a plena consecución dos fixados nestas directrices.

7.—Acadar a mais intensa implicación da cidadanía na protección e posta en valor dos “seus” espazos comúns a través da participación, colaboración, sensibilización concienciación e axeitado exercicio dos seus dereitos e deberes en relación aos espazos públicos.

*Art. 4.—Competencias municipais en relación aos espazos públicos*

As competencias municipais en relación aos espazos públicos exerceranse por este Concello como administración territorial con plena capacidade xurídica, consonte ás súas potestades regulamentarias, de autoorganización e demais atribucións outorgadas polo ordenamento xurídico estatal e galego nos eidos do patrimonio das administracións públicas e bens das entidades locais, urbanístico, de ordenación do tráfico e demais materias relacionadas.

*Art. 5.—Dirección da actividade relativa aos usos e protección dos espazos públicos.*

1.—A tutela, dirección e control da xestión dos espazos públicos corresponde, en todo caso, ao Concello como administración competente e desenvolverase en corresponsabilidade cos cidadáns no exercicio das súas facultades, sen prexuízo das competencias doutras administracións e en coordinación con elas cando resulte necesario e conveniente.

2.—A responsabilidade da xestión directa e efectiva fixarase, tanto no organigrama político como administrativo do Concello, en función da normativa vixente en cada momento e das resolucións adoptadas en virtude da súa capacidade de autoorganización.

3.—Terán un papel primordial na definición de usos e na protección dos espazos públicos todas as áreas municipais directamente afectadas. En especial, tal papel predícase das de patrimonio, planea-

mento, xestión e disciplina urbanística, responsábeis de proxectos e obras, ordenación da prestación de servizos, policía administrativa, inspección tributaria, deportes ou cultura e festas, entre outras.

4.—Fomentarse a participación dos cidadáns na elaboración das disposicións reguladoras dos usos e na protección do demanio local, a través das canles que permitan unha boa delimitación dos ámbitos xerais e locais, así como unha efectiva toma en consideración das súas opinións e necesidades.

*Art. 6.—Regras de interpretación e de toma de decisións*

As dúbidas na interpretación das ordenanzas e demais normativa que se dite en relación aos espazos públicos, serán resoltas polo órgano competente para o exercicio da actividade ou potestade que se desenvolva en cada caso. De non precisarse a competencia anterior, ou non poder deducirse do réxime local xeral, serán resoltas pola Alcaldía con base aos criterios fixados nesta norma de réxime interno, que rexerán tamén como principios inspiradores na toma das decisións de todos os órganos municipais con competencia ao respecto.

## TÍTULO I

### *Dos usos dos espazos públicos*

*Art. 7.—Clasificación dos usos e dos espazos polo seu uso.*

De acordo co sinalado no art. 1, será de aplicación aos bens de uso público deste Concello o réxime de usos previsto naqueles preceptos da lexislación sobre o patrimonio das Administracións públicas que non teñan o carácter de básicos, en defecto da normativa básica e autonómica sobre o réxime local, do disposto polo Regulamento de bens das entidades locais e nas ordenanzas municipais correspondentes.

A tales efectos, os usos clasifícanse segundo a referida normativa, na actualidade o art. 75 do Regulamento de bens das entidades locais, coas aclaracións e clasificacións complementarias que nestas directrices se establecen e que se plasmarán nas respectivas ordenanzas.

Pódense distinguir as seguintes clasificacións dos usos dos bens demaniais e dos propios espazos públicos en función dos seus usos:

1.—Clasificación legal. O ordenamento xurídico vixente establece a seguinte clasificación en función dos diferentes tipos de usos e réxime xurídico dos mesmos:

- a) Uso Común, o que corresponde a todos os cidadáns en condicións de igualdade de forma indistinta, de xeito que o uso de uns non impida o dos demais interesados e sempre que

sexa conforme coa natureza do ben, e que se estimará:

a.1) Xeral, cando non concorran circunstancias singulares.

a.2) Especial, se concorresen circunstancias deste carácter pola súa perigosidade, intensidade de uso, preferencia en casos de escaseza, obtención de rendibilidade singular ou calquera outra semellante que implica un aproveitamento especial do dominio público sen impedir o uso común, en definitiva un exceso de utilización sobre o uso que corresponde a todos ou un menoscabo deste.

b) Uso privativo, o constituído pola ocupación por unha persoa ou entidade dunha porción de dominio público de xeito que limite ou exclúa a utilización polo resto dos cidadáns.

c) Uso normal, o que sexa conforme co destino principal do dominio público a que afecte.

d) Uso anormal, se non fose conforme co devandito destino.

2.—Clasificación dos espazos públicos polo seu destino:

a) Espazos de uso específico/restrinxido, que son os que pola súa natureza teñen un destino concreto que veda ou limita a todos os demais usos, como poden ser: zonas verdes e parques infantís, zonas de uso exclusivo peonil ou de tráfico rodado, zonas deportivas ao aire libre ou espazos para colectores, entre outros.

b) Espazos multiusos, ou aqueles que compatibilizan sincrónica ou diacronicamente multitude de usos, como poden ser: os espazos libres tales como as prazas ou zonas de coexistencia de peóns e servizos, as pistas e outros espazos do rural, entre outros.

3.—En canto a súa temporalidade, os usos dos espazos públicos clasifícanse en:

a) Usos permanentes, que son que se poden exercer de xeito contínuo, como usos comúns e xerais, agás en momentos e casos excepcionais.

b) Usos de carácter excepcional, puntual ou periódicos, como poden ser festas, procesións, eventos deportivos, manifestacións, feiras, mercados, actividades tradicionais de temporada ou as concentracións entre outros.

4.—Polo seu grao de necesidade, os usos dos espazos públicos clasifícanse en:

a) Usos prioritarios e excluentes, que son aqueles usos que teñen prioridade sobre os demais en caso de imposibilidade de compatibilizalos por seren absolutamente imprescindibles e non ter alternativas.

Entre estes usos están.

- Todos os relativos aos servizos públicos e situacións de emerxencia e protección cidadá: sanidade, policía, bombeiros, protección civil e salubridade pública.

- Obras públicas e actuacións dirixidas á propia mellora e sostemento dos espazos públicos: obras de mellora, actuacións de sostemento, instalacións e reparación de servizos.

- Sinalización e mobiliario urbano que representan ocupacións dos espazos públicos necesarios para o bo funcionamento social da colectividade e a correcta prestación dos servizos.

b) Usos necesarios para a actividade residencial e económica. Son aqueles usos imprescindibles para que as actividades de residencia e económica poidan funcionar nas condicións esixidas pola sociedade actual, pero que poden prestarse de xeito correcto sen por iso competir ou inviabilizar os usos prioritarios e excluentes.

Entre estes usos estarían:

- A mobilidade peonil en todas as súas variantes e funcións.

- A mobilidade motorizada de persoas e mercadorías: acceso a garaxes, desprazamentos necesarios en vehículo motorizado, carga e descarga de mercadorías destinadas a comercios ou industrias, servizos necesarios para a residencia como reparto a domicilio, mensaxería, carga e descarga de vultos en vehículo privado cando non exista garaxe propio no edificio ou mudanzas.

- Servizos a hoteis.

- Servizos públicos de autobuses, taxis e outros servizos públicos de transporte público. Terán preferencia e gozarán das maiores facilidades entre todo o transporte motorizado.

- Estadas, valados e colectores de obra e, en xeral, a ocupación con tódolos elementos e usos necesarios para a correcta execución das obras en edificios privados e públicos.

c) usos complementarios favorecedores da convivencia e a actividade residencial e económica, que son aqueles usos que sen seren prioritarios nin necesarios poden axudar a acadar diversos obxectivos de utilidade pública ou interese social; entre eles atopamos: mercados ao ar libre, terrazas, exposicións con fins non lucrativos, mesas petitorias, elementos de publicidade de certos eventos públicos ou de interese social, entre outros.

*Art. 8.—Dos usos prioritarios*

Terán a consideración de tales os seguintes:

1.—Servizos de urxencia por vehículos prioritarios. Son aqueles servizos necesarios para cubrir as urxencias e emerxencias así como a seguridade cidadá entre os que se atopan os servizos sanitarios, públicos e privados, as policía, extinción de incendios, protección civil e salvamento.

Poderán desenvolverse libremente sen aterse a ningunha limitación de uso dos espazos públicos, sen previo aviso á autoridade municipal e terán preferencia absoluta sobre calquera outro uso dos espazos públicos no exercicio das súas funcións.

Consonte á súa normativa específica de aplicación, os vehículos prioritarios en servizos de urxencia terán preferencia sobre os demais vehículos e usuarios, puidendo circular por riba dos límites de velocidade e exentos de cumprir outras normas e sinais, debendo efectuar un uso ponderado das súas prerrogativas, cumprir as esixencias e advertencias establecidas na normativa de aplicación e estreimar a precaución en interseccións ou cando vulneren as prioridades de paso.

Estas atribucións irrestritas estarán limitadas ás circulacións, paradas e estacionamento en actos de servizo, polo que prohibirase o uso das prerrogativas de circulación e estacionamento en zonas prohibidas con fins de comodidade ou economía alleos ao servizo público.

2.—As obras de mellora e sostemento dos espazos públicos.

As actuacións que se acometan nos espazos públicos dirixidas á súa urbanización, reurbanización, reparación, mellora ou sostemento terán a consideración de prioritarias entre os usos dos espazos públicos e poderán restrinxir temporalmente calquera dos demais usos de xeito xustificado cando sexa necesario para a pronta, correcta e eficaz consecución dos fins previstos.

Primarase, en todas as fases da súa tramitación e execución, tanto a información aos afectados como a diminución das interferencias no normal desenvolvemento dos demais usos dos espazos públicos, con especial énfase nos de seguridade e accesibilidade, tanto no proceso de adxudicación como na propia execución.

As incidencias das actuacións terán que ser comunicadas coa antelación suficiente a Policía Local para poder exercer as accións oportunas no obxectivo de diminuír as súas consecuencias e garantir o funcionamento xeral da zona afectada coas limitacións mínimas dos demais usos .

As potestades case irrestritas para alterar e limitar os usos dos espazos públicos que se lle outorga ás obras deben exercerse con responsabilidade e mesura para evitar abusos inxustificables debéndose garantir o cumprimento das normas de seguridade e hixiene no traballo e accesibilidade nos pasos peonís.

3.—Ocupación dos espazos públicos con sinalización e mobiliario

Co fin de evitar os riscos de proliferación indiscriminada, os problemas que xera a súa elevada demanda e as dificultades para a correcta instalación da sinalización informativa de diverso tipo e do mobiliario urbano, fíxanse os seguintes criterios e principios de actuación para estes usos prioritarios, que prestan uns servizos fundamentais e mesmo nalgún caso imprescindíbeis:

- a) A súa instalación levarase a cabo nos lugares e do xeito máis acaído co obxectivo de que non afecten á accesibilidade, á seguridade viaria e visibilidade dos condutores nin á contemplación dos fitos culturais ou paisaxísticos máis destacados, evitando tamén que deteriorenen a imaxe urbana nin rural.
- b) Reducirase ao mínimo o número e volume dos elementos de sinalización e de prestación de servizos, usando o principio de que nunca se colocará ningún elemento que non estea absolutamente xustificado e non sexa imprescindible.
- c) Non se permitira a sinalización con finalidades de beneficio privado agás casos xustificadas e excepcionais como poden ser a sinalización de estacionamentos e hoteis.
- d) As calidades da cartellaría e mobiliario serán acordadas co contorno no que se sitúen na procura de acadar o obxectivo de que tanto a sinalización como o mobiliario urbano colaboren eficazmente a mellorar a imaxe, tanto a urbana como a rural.
- e) Adaptaranse progresivamente todos os servizos que se presten a través da sinalización e do mobiliario urbano, buscando á máxima redución das afeccións e a mínima ocupación dos espazos públicos. Priorizarase a adaptación nos espazos con máis proliferación buscando sistemas alternativos como luminarias colgantes, sinalización en paredes ou no chan, ou novos sistemas de recollida de lixo que eliminen colectores, esixindo aos grandes produtores de residuos sólidos urbanos a instalación de colectores dentro do espazo privado e a xestión directa dos seus residuos a través de xestor autorizado.

*Art. 9.—Usos comúns xerais.*

1.—Son aqueles usos universais que se definen no artigo 7 para os que están concibidos primixeniamente os espazos públicos e que se poden exercer de xeito automático e en condicións de igualdade de forma indistinta, conforme coa natureza do ben por ser inherentes á propia condición destes espazos.



As únicas limitacións ás que están sometidos derivan das necesidades que foron xurdindo de admitir ou segregarse determinados usos especiais ou eventos por motivos de seguridade, funcionalidade ou importancia.

Son, entre outros os usos comúns xerais normais os seguintes:

- a) O uso e disfrute da poboación para as súas actividades de desprazamentos peonís, lecer e convivencia.
- b) Os servizos de transporte necesarios para a vida económica e residencial.

2.—Estes usos poderanse exercitar libremente, conxuntamente á natureza dos mesmos, ós actos de afectación e apertura ó uso público e ás leis, regulamentos e demais disposicións xerais, sen suxeición a licenza e de xeito automático.

Non se establecerá restrición algunha agás:

As que imponha o ordenamento xurídico por mor da conservación, adscrición ou afectación do ben ou pola orde pública.

Aquelas derivadas da concorrencia de determinados usos especiais ou eventos por motivos de seguridade, funcionalidade ou importancia.

Aquelas que procedan da subordinación aos usos prioritarios, segundo se expuxo.

A modo exemplificativo sinálanse as seguintes condicións:

- a) O libre acceso da poboación peonilmente para desprazamentos, lecer e convivencia non poderá interferir cos servizos prioritarios nin perturbar o funcionamento dos espazos con uso específico como poden ser: parques infantís, zonas deportivas, eventos ao ar libre debidamente autorizados, zonas exclusivas para o tráfico rodado ou carrís-bici.
- b) O transporte necesario para a vida económica e residencial non interferirá cos servizos prioritarios e deberá desenvolverse de xeito compatible co uso peonil nos espazos multiusos.

#### *Art. 10.—Servizos públicos e uso dos espazos públicos.*

Establecerase o seguinte réxime xurídico nas ordenanzas, regulamentos e na sinalización viaria respecto dos servizos públicos segundo a súa tipoloxía:

1.—Os servizos públicos de mobilidade motorizada: son o transporte colectivo regular ou discrecional e os taxis.

Terán unha consideración preferencial entre todos os servizos motorizados e gozarán de todas as facilidades para a súa correcta prestación.

- a) Os autobuses que presten servizos regulares ou de transporte escolar, e, na medida do po-

sible os de transporte discrecional, non estarán sometidos ás limitacións de tráfico pesado que se fixen con carácter xenérico, agás por causas de seguridade ou similares. Os seus itinerarios e paradas fixaranse de tal xeito que se efectúe unha axeitada prestación do servizo dentro das posibilidades do viario e dos espazos públicos.

Tenderase a implantar carrís preferentes ou exclusivos que faciliten o transporte público.

- b) Os taxis non estarán sometidos ás restricións que se fixen para o transporte motorizado individual, agás a súa subordinación aos usos prioritarios precisados no art. 8 destas directrices.

As exencións para os servizos públicos de transporte aplicaranse sempre e cando estean prestando efectivamente o servizo público; caso contrario, cando serven a outros propósitos, incluídos os desprazamentos en baleiro, estarán sometidos ao réxime xeral establecido nos artigos 67 e seguintes da Ordenanza municipal de circulación nas vías urbanas do municipio.

2.—Como servizos públicos urbanos de subministro clasificaranse todos os que a normativa así os defina ou asimile e, entre outros, os seguintes: subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, rede de gas, rede de telefonía, rede de cable, rede de subministro de auga potable, rede de sumidoiros de augas residuais e pluviais.

Como norma xeral estarán soterrados no solo urbano e naqueles ámbitos que as normas urbanísticas ou medioambientais así o determinen. Deben ter a orde necesaria para que non interfiran en futuras implantacións e garantir as características técnicas e de funcionamento que imponha a normativa sectorial vixente e as decisións municipais. En particular garantirase a instalación de sistema separativo de pluviais e residuais nas redes de sumidoiros o que se verificará nas licenzas de conexión e permisos de vertedura.

As obras de instalación e melloras destes servizos públicos urbanos e redes de suministros, estarán incluídas e terán a mesma consideración de prioritarias que as obras de urbanización, ou no seu caso reurbanización, reparación e mellora dos espazos públicos, aínda que terán que contar coa preceptiva autorización ou licenza municipal, segundo proceda, de non estar incluídas en proxecto de urbanización ou obra ordinaria aprobado.

Os servizos técnicos municipais velarán pola necesaria coordinación e programación deste tipo de obras de instalación, reparación e urbanización, evitando as disfuncións que provoca a dinámica de traballo das empresas subministradoras co fin de evitar que os espazos públicos estean sucesiva e

continuamente abertos e en obra por desaxustes de programación nas actuacións.

3.—Os estacionamentos soterrados, dada a súa importancia e afectación global ao espazo na súa construción, terán a mesma consideración de prioritarias que as obras de urbanización, reurbanización, reparación e mellora.

*Art. 11.—Das intervencións nos espazos públicos*

Toda intervención mediante obras de urbanización, reurbanización, reparación, mellora, sostemento, instalación de servizos, construción de estacionamentos ou asimiladas, deberá estar plenamente xustificada, executarse coa debida coordinación e información e sometida a un protocolo de actuación que garanta, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) A súa adecuación a todas as normativas que lle sexan de aplicación.
- b) A cobertura completa de todos os obxectivos nunha única actuación coordinada.
- c) A garantía de manter en pleno funcionamento todos os espazos públicos segundo as súas características, en especial garantir a boa funcionalidade dos servizos e dos espazos e zonas verdes.
- d) Reducir ao mínimo todas as interrupcións dos usos habituais da zona afectada, adoptando todas as medidas necesarias para este fin, especialmente as de seguridade e accesibilidade.
- e) Sinalizar correctamente, informar ao público en xeral e comunicar á veciñanza directamente afectada todas as incidencias das actuacións que puideran afectar aos usuarios, de xeito efectivo e coa debida antelación.
- f) No caso de actuacións parciais como instalacións ou reforma de servizos, reparacións parciais, actuacións puntuais de eliminación de barreiras ou reposicións de urbanizacións por conexións de obras privadas, entre outras, as reposicións dos materiais e servizos serán coherentes con todo o deseño do espazo, garantirán a súa plena funcionalidade e a non afección a outros servizos.

*Art. 12.—Da mobilidade motorizada.*

1.—A mobilidade motorizada rexerese pola lexislación vixente sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial e demais normativa reguladora da circulación, tanto xeral como a propia deste Concello e, no seu desenvolvemento e aplicación, pola sinalización viaria e polas normas xerais do ordenamento xurídico de aplicación.

2.—A mobilidade motorizada individual e colectiva efectuarase de modo que se diminúa o seu impacto sobre a colectividade, se faga compatible cos demais usos e na procura da maior calidade de vida.

Deste xeito, as políticas públicas municipais e a regulación e intervención sobre o tráfico estarán guiadas polos seguintes obxectivos prioritarios:

- a) Eliminación ou minoración dos problemas de seguridade e sinistralidade que pode xerar.
- b) Redución ao máximo dos problemas de ruídos e molestias.
- c) Compatibilización coa actividade residencial e de uso e disfrute dos espazos públicos.

Para acadar estes obxectivos adoptaranse aquelas medidas que teñan demostrado a súa eficacia na práctica como son, entre outras, as seguintes:

- a) Nas vías exclusivas de tráfico, medidas de redución do impacto visual e sonoro como pantallas e outros elementos.
- b) Redución da velocidade en todos os viais municipais de convivencia de usos como máximo a 30 km./h.
- c) Eliminación do tráfico pesado ordinario das zonas residenciais de alta densidade co seu desvío por outros viais.
- d) Eliminación do tráfico de paso de zonas de moi alta densidade de actividade residencial e comercial.
- f) Declaración zonas de preferencia peonil, con eliminación de todos os tráfico non necesarios para servizo da propia zona.
- g) Declaración zonas de convivencia, con fortes restricións á circulación indiscriminada.
- h) Facilitar ao máximo en todas as zonas os servizos motorizados que si sexan necesarios para a actividade residencial ou económica con disuasión dos usos de oportunidade ou comodidade.

3.—Aos efectos do desenvolvemento na correspondente ordenanza e no tocante á regulación da circulación e tráfico a través da correspondente sinalización viaria, defínese o concepto de servizos que substitúe, actualiza e amplía a clásica carga e descarga recollida na normativa xeral, sen opoñerse, alterar, desvirtuar ou inducir a confusión na devandita regulamentación xeral.

Entenderase por servizos, no marco da mobilidade motorizada e en aplicación da Ordenanza correspondente, aquelas actividades necesarias para o bo desenvolvemento da actividade económica e residencial, incluíndo, ademais das de carga e descarga tradicional, as de mensaxería, reparto a domicilio, acceso a garaxes en zonas de tráfico restrinxido, transporte de vultos por residentes en edificios que carezan de garaxe ou mudanzas, e actividades asimiladas.

A prestación dos servizos así definidos levarase a cabo consonte á sinalización existente e de acordo ás seguintes normas:

- a) A prestación de servizos terá prioridade sobre o estacionamento individual e outras actividades e usos non prioritarios nin necesarios.
- b) Non interferirá no tránsito rodado nin peonil e evitarase o deterioro ou emporcamento dos espazos públicos.
- c) Poderase exercitar en calquera estacionamento público que esté libre e nas zonas reservadas con exclusividade para estes fins no horario disposto.
- d) Os grandes demandantes de carga e descarga deberán realizala en circunstancias excepcionais que interfiran o menos posíbel no uso da rúa e, de ser factíbel, dentro das súas propias dependencias.

*Art. 13.—Criterios de prelación das actividades nos espazos públicos.*

No obxectivo de acadar un uso plural dos espazos públicos, evitar a segregación de usos exclusivos e convertelos en áreas de convivencia de todos os sectores e actividades, establécense os seguintes criterios de prelación:

- Primaranse as actividades necesarias de imposible substitución por outras alternativas sobre aqueles usos susceptíbeis de seren substituídos ou ter outras solucións e verbo daqueles de pura comodidade ou conveniencia.
- Protexeranse aos mais vulnerábeis ou febles fronte aos máis fortes ou perigosos, en especial as persoas con dificultades motrices, nenos, anciáns.
- Priorizaranse, en xeral, os usos peonís fronte aos motorizados.
- O uso da bicicleta terá a mesma consideración que o uso peonil agás no que poida interferir neste.
- Evitarase no posíbel a segregación de usos cando non sexa estritamente necesaria.
- Favoreceranse os usos que beneficien a actividade económica e residencial sobre outros usos de comodidade individual.
- Primarase o uso e disfrute común xeral normal, colectivo, irrestrito e aberto sobre outros usos privativos, especiais e anormais, limitados en canto ao número de beneficiarios.
- Ordenaranse os ámbitos das actividades excepcionais de xeito que se compatibilicen o máis posíbel coas actividades usuais.
- Recolleranse na ordenación das actividades os demais criterios de priorización recollidos nestas directrices.

## TÍTULO II

### *Do deseño e sinalización dos espazos públicos*

*Art. 14.—Das clases de espazos públicos en canto ao seu deseño*

1.—Os espazos públicos deseñaranse consonte as normas xerais de deseño que se fixan no ordenamento xurídico de aplicación e particularmente nestas instrucións ou ordes de servizo, segundo os fins aos que se destinen.

2.—Para o deseño e tratamento dos espazos públicos terase en conta previamente a caracterización e definición dos usos que se pretenden.

3.—Os espazos públicos clasifícanse en canto ao deseño en:

- Espazos naturais, que son aqueles que, independentemente das actuacións humanas que teñan sufrido, preténdese que manteñan unha dinámica o máis aproximada a que natural e espontaneamente terían e conservar e potenciar así os seus valores intrínsecos.
- Zonas verdes urbanizadas, que son os espazos que serven de esponxamento da cidade e para dotar da máxima calidade residencial e que son verdes por vontade colectiva e imposición das normas de calidade de vida e cohesión social.
- Espazos adicados de xeito permanente a fins exclusivos e sectoriais, como poden ser as vías exclusivas para tráfico rodado, as áreas deportivas ao ar libre ou as zonas de xogos infantís entre outras.
- Espazos de convivencia de usos e servizos, con independencia da maior preponderancia de determinados usos.

*Art. 15.—Normas xenéricas do tratamento dos espazos públicos*

Todos os espazos públicos, calquera que sexa o seu uso ou categoría, deben ser tratados de acordo aos seguintes criterios:

- Adecuación do tratamento ao tipo de espazo e uso ao que se dedica.
- Máxima calidade no seu tratamento en función das súas características.
- Tratamento e deseño tendo en conta o obxectivo de facilitar o posterior sostemento, para que poida estar sempre en perfectas condicións de uso, evitando elementos de difícil ou imposible mantemento, na idea de facilitar ao máximo o seu correcto estado de funcionamento posterior.
- Accesibilidade universal para todos, diminuindo no posíbel as axudas técnicas e humanas necesarias a empregar polas persoas con discapacidades.

- Disponibilidade para a prestación de determinados servizos necesarios: bombeiros, recollida de lixo, limpeza, avarías.

*Art. 16.—Do tratamento dos espazos naturais*

1.—En consonancia co tipo de espazo que constitúen e para o que deben ser concibidos, todos os tratamentos ou actuacións sobre eles deben cumprir coa normativa de aplicación e ter como obxectivo o mantemento da súa dinámica natural e restitución dos danos antropoxénicos que se lle puideran ocasionar e, en consecuencia, todas as intervencións, mesmo as de restitución ou mellora, deben ser o máis brandas posíbeis.

2.—Quedarán excluídos da actividade urbanizadora e cumpriran toda a normativa sectorial de protección polo que, agás casos xustificadas e imprescindibles de carencia de alternativas, evitarase a implantación de servizos e infraestruturas dentro destes espazos naturais e, aínda nestes casos excepcionais, terán que ser concibidos de xeito que non alteren o natural funcionamento deste espazos.

3.—Deberanse impor limitacións de acceso ás zonas que así o aconselle a súa boa preservación e funcionamento.

*Art. 17.—Do tratamento das zonas verdes urbanizadas*

1.—Deben ser tratados con criterios de funcionalidade e adaptación ás necesidades e preferencias da poboación polo propio carácter urbano. No seu deseño procurárase un predominio do “verde”, pero adaptado ás necesidades de coexistencia cos servizos urbanos.

2.—Todas as instalacións e servizos que se instalen deben ter en conta que o seu obxectivo fundamental é o verde, e, en consecuencia, non deben danar nin menoscabar as súas condicións de espazos arborados.

3.—A súa vexetación cumprirá funcións urbanas, polo que os criterios de seguridade deben primar sobre os de protección natural.

4.—Cando o arborado e os elementos que constitúen o “verde” entren en fases vitais nas que deixen de ser seguros, deben substituírse por exemplares acidos que, no posíbel, manteñan as características que se consideren de valor.

*Art. 18.—Dos espazos con destinos sectoriais permanentes*

Deseñaranse consonte á normativa en vigor e ás súas características funcionais, extremando as precaucións para nin desfigurar nin interromper o normal funcionamento do espazo no que instalen. En particular nos adicados ao tráfico rodado adoptaranse todas as medidas estruturais necesarias para garantir a seguridade.

*Art. 19.—Do tratamento dos espazos de coexistencia*

1.—No seu deseño procurárase que poidan prestar todos os servizos que se lles demandan malia sobrecarga tanto de usos como de prestación de servizos que soportan, de xeito que permita o seu equilibrio e compatibilidade. Para evitar disfuncións e desequilibrios no seu funcionamento calquera intervención, aínda as aparentemente menor, terá que rexerse polos mesmos criterios que serán, entre outros, os seguintes:

- Orde na disposición dos seus elementos para que non se convertan en espazos caóticos nos que uns elementos estorben a outros.
- Evitar, na máxima medida posíbel, as rupturas de cotas e segregación artificial de espazos, en evitación de barreiras arquitectónicas e no obxectivo da accesibilidade.
- Iluminación pensada e centrada na seguridade do espazo e nos usos e usuarios que máis o necesitan, como son os peonís e o das persoas con deficiencias.
- Renovación dos servizos completa cando se actúe de xeito amplo sobre o espazo.
- Medidas estruturais que fortalezan a seguridade vial e diminúan a sinistralidade.

2.—Para acadar obxectivos deste artigo, todas as actuacións neste tipo de espazos, de maior ou menor entidade e tanto públicas como privadas, será supervisada e autorizada pola área do Concello responsable e faranse sempre consonte ás normas e directrices municipais.

*Art. 20.—Sinalización dos espazos públicos*

Fíxanse os seguintes criterios de sinalización nos espazos públicos:

- A sinalización rexeráse polos principios xenerais de orde e non interferencia con outros usos e servizos que se presten no espazo.
- Será a mínima e máis eficaz posíbel, evitando a súa proliferación que xera problemas de visibilidade e ocupación innecesaria.
- Será, no posíbel, redundante, ademais de mínima, sobre todo en espazos con valores patrimoniais ou recargados de usos.

O propio deseño do espazo debe levar “implícita” a sinalización, co cal pode reducirse e ser redundante ao se percibir no propio espazo. Deste xeito e a título exemplificativo, se os colectores están fixados e con espazo delimitado e inaccesíbel para outros usos, sobra calquera tipo de sinalización.

- A sinalización debe tender, tanto pola súa situación como polo seu contido, a realzar os propios valores dos espazos nos que se atopan así como a evitar a súa inútil proliferación.

- A súa colocación, sempre que sexa posíbel, será nas fachadas dos edificios ou coa mínima afección ao espazo público.
- Nas vías públicas e espazos públicos con uso prioritario ou intenso de tráfico rodado, os criterios serán a seguridade vial e a aplicación da normativa sectorial relativa ao tráfico e circulación de vehículos a motor para este tipo de viais.

### TÍTULO III

#### *Da protección dos espazos públicos*

*Art. 21.—Principio de corresponsabilidade. Normativa sectorial.*

1. Dada a natureza de propiedade común ou colectiva, de uso e disfrute universal que concorre nos espazos públicos, a súa protección, coidado e limpeza esixe do esforzo e corresponsabilidade da Administración que os tutela e dos propios cidadáns.

Xa que logo, estes últimos estarán obrigados a un uso responsable e ao cumprimento dos deberes previstos no ordenamento xurídico en vigor e nas Ordenanzas correspondentes.

O uso polos cidadáns dos espazos públicos realizarase conforme a súa natureza, consonte ás regulamentacións aplicables e de xeito respectuoso cos demais usuarios. Así mesmo, garantirase en todo momento a seguridade, integridade, ornato, salubridade e dispoñibilidade dos espazos públicos.

2. Estabelécese unha distinción entre as actividades de protección e coidado dos espazos públicos que corresponden a administración e as persoas privadas de diversa índole. Entre as públicas distinguiremos entre as actividades prioritarias e as ordinarias.

3. Os principios enunciados no presente título serán de aplicación sen prexuízo das potestades administrativas de defensa e protección xurídica dos seus propios bens, que regula a lexislación local en xeral e, en concreto, os arts. 44 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais, aparte da obriga de inventario dos mesmos.

Así mesmo, as posibilidades de intervención en cada caso serán as que se prevean na normativa sectorial de aplicación e nas ordenanzas municipais de desenvolvemento.

*Art. 22.—Das intervencións prioritarias de seguridade e salubridade pública, protección e recuperación.*

1.—Son aquelas intervencións motivadas en feitos que orixinen perigos potenciais ou reais para a seguridade das persoas ou bens, a salubridade pública ou calquera outro ben fundamental ou dereito das persoas. Cítanse entre outras, a título enunciativo e non limitativo, as seguintes: elementos en mal

estado dos espazos públicos que poidan xerar danos as persoas, aos vehículos ou a outros bens, carencia de sinais ou semáforos que poidan orixinar perigo, roturas de fecais ou pluviais, interrupción do subministro de auga potábel da rede pública, animais mortos en demanio municipal, usurpacións recentes de camiños e espazos de uso público, outros feitos que poidan afectar á salubridade pública.

2.—Os departamentos municipais ou empresas concesionarias responsábeis actuarán de xeito urxente, ben directamente, ben a través de empresas contratadas, para resolver inmediatamente a causa ou causas que estean dando orixe á situación de dano, recente usurpación, perigosidade ou insalubridade. Agás supostos nos que a solución sexa complexa e dilatada no tempo e se manteña o perigo para a seguridade pública evitarase o uso de valados de protección ou cintas, máis alá do mínimo tempo imprescindible.

*Art. 23.—Das intervencións ordinarias de protección*

1.—O principio reitor de todas as actividades de protección dos espazos públicos debe ser o da prevención. Efectuaranse actividades preventivas e de mantemento planificadas para evitar intervencións prioritarias e acadar un estado axeitado e un correcto funcionamento dos espazos públicos segundo os fins aos que ese destinan.

2.—O estado dos servizos urbanos fundamentais, da sinalización, dos pavimentos, da masa arborada, do mobiliario urbano, dos embornais e de todos os elementos que inciden nos espazos públicos, debe ser obxecto dunha verificación e inspección continuas e das actuacións de sostemento ordinario precisas para o seu correcto estado de funcionamento.

*Art. 24.—Das intervencións dos privados nos seus predios*

1.—A función social da propiedade e a incidencia que sobre os espazos públicos teñen os predios e inmóbeis privados que os rodean ou son visíbeis dende eles, determinan a obriga dos propietarios, establecida no ordenamento xurídico, de mantelos en perfecto estado de conservación, tanto dende o punto de vista do seu ornato e limpeza como da seguridade, e, así mesmo en condicións de funcionalidade, salubridade, e habitabilidade, segundo o seu destino e consonte as normas urbanísticas, sanitarias, de protección do medio ambiente e do patrimonio histórico.

2.—Quedará prohibida e así se reflectirá nas ordenanzas municipais correspondentes, calquera instalación nas fachadas ou frontes dos predios que puidera orixinar perigo ou molestias aos viandantes, aos servizos ou ao tráfico, ou incidir na imaxe ou ornato dos espazos e, particularmente, prohibi-

ranse os tendedeiros de roupa visibles dende os espazos públicos.

3.—Os toldos, bandeirolas, carteis, macetas, postes e similares deberán cumprir as determinacións das ordenanzas específicas que regulen o seu réxime de autorización.

*Art. 25.—Da limpeza dos espazos públicos*

1.—Todas as medidas, campañas e intervencións que se adopten en relación á limpeza dos espazos públicos estarán presididas polos seguintes principios fundamentais:

- Principio de subsidiariedade: Os servizos de limpeza deben ser considerados como servizos subsidiarios na medida que os particulares incumpran as pautas de uso dos espazos establecidas nas Ordenanzas municipais e sen prexuízo do mantemento ordinario.
- Principio de responsabilidade: Cada axente, sexa empresa, familia, persoa ou administración, será responsábel do destino dos residuos que produce ou orixina, cando menos ata que queden baixo a tutela do xestor de residuos, non podendo descargar, baixo ningún pretexto, esta responsabilidade en ningún outro axente que interveña no proceso.

2.—O servizo de limpeza dos espazos públicos prestarase pola administración de forma directa ou indirecta coas características que cada espazo requira, de conformidade cos regulamentos do servizo e ordenanzas municipais e sen prexuízo das obrigas fixadas aos usuarios privados en determinadas circunstancias.

*Art. 26.—Réxime sancionador, reposición e indemnización de danos.*

O uso indebido dos espazos públicos, incluída a produción de calquera tipo de dano, perda ou menoscabo aos mesmos e aos seus bens integrantes, ocasionará as responsabilidades legalmente previstas no ordenamento xurídico vixente e facultará ao Concello para a incoación do oportuno expediente sancionador, de reposición do estado das cousas ao momento anterior ao que se producise a alteración do demanio, e á esixencia dos custos derivados das reparacións ou substitucións necesarias nos seus bens.

#### TÍTULO IV

*Da utilización e ocupación dos espazos públicos*

*Art. 27.—Da utilización dos espazos públicos: criterios e definicións.*

1.—As utilizacións e ocupacións dos espazos públicos clasificarase segundo os criterios recollidos no art. 7.1 das presentes directrices.

2.—A utilización derivada dos usos comúns especiais pode ser directa ou indirecta.

Enténderase por utilización indirecta aqueles aproveitamentos especiais deses espazos, derivados da disposición física de elementos de establecementos situados en inmóbeis privados lindeiros ao demanio público, tales como a venda en mostrador cara á rúa os caixeiros automáticos abertos á rúa ou os toldos e rótulos en fachadas entre outros. Poden ser puntuais, dilatados no tempo ou permanentes.

*Art. 28.—Normas comúns a todas as ocupacións e usos especiais dos espazos públicos.*

1.—Como norma xeral, por mor da intensa demanda e saturación de usos dos espazos públicos, restrinxirase ao máximo os usos privativos e comúns especiais, sexan directos ou indirectos.

Así, quedarán prohibidas todas as ocupacións directas non estritamente necesarias que teñan como único obxectivo un uso privativo con fins de lucro ou comodidade e sen ningunha función social ou de servizo.

Non obstante, excepciónanse destas regras:

- Os eventos tradicionais, festas, campañas electorais, actividades de promoción pública ou de promoción da cidade.
- Usos tradicionais como o dos castañeiros/a, xeadeiro, pulpeiras/os, venda de flores ou quioscos.
- Ocupacións temporais para a execución de obras ou instalacións, cando sexan estritamente necesarias.
- Ocupacións temporais para espectáculos públicos que se entendan de interese socio cultural, como cine ao aire libre, circos nos lugares habilitados, representacións teatrais, eventos deportivos e similares.
- Autorizacións de pasaxes permanentes, nas condicións que se regulamenten en concreto.
- Feiras e mercados tradicionais.
- Aquelas outras actividades que teñan un fin social ou de servizo público.

Ademais do indicado nos puntos anteriores excepciónase o tráfico rodado, que se desenvolverá de acordo coa súa normativa específica e segundo as ordenanzas aprobadas no seu desenvolvemento, así como o aparcadoiro nos espazos habilitados.

2.—Ninguén poderá, sen título que o autorice expresamente, outorgado pola autoridade competente e para os fins autorizados, ocupar, temporal ou permanentemente, directa ou indirectamente bens de dominio público, ben sexa solo, subsolo ou voos dos espazos públicos, ou utilízalos de forma que exceda o dereito de uso que, no seu caso, corresponde a todos, salvo servizos transitorios como nas operacións de carga e descarga por tempo limitado ou asimilados.

3.—Regularase e procurarase que os elementos físicos da ocupación temporal ou aproveitamento especial se dispoñan de tal xeito que, por eles mesmos ou pola súa influencia, orixinen os mínimos trastornos ao normal funcionamento dos espazos públicos e, en especial, garantindo a seguridade e accesibilidade, coas actuacións complementarias necesarias a cargo do ocupante para garantir esa mínima afectación. En particular, deixarase un paso permanentemente practicábel dun mínimo de 2 m de ancho que cumpra a normativa de accesibilidade.

4.—O titular da autorización ou licenza garantizará a limpeza continua e permanente da zona ocupada e do seu contorno, tanto do lixo xerado directamente pola actividade obxecto da ocupación como polo externo á actividade que incida na zona ocupada ou no seu contorno.

Así mesmo, retirará todos os elementos utilizados na actividade no momento en que esta finalice.

5.—O titular da licenza ou autorización garantizará a integridade de todos os elementos que forman parte do espazo público ocupado, evitando furar, romper ou deteriorar pavimentos, mobiliario urbano e calquera outro elemento. Caso de que exista imposibilidade do seu correcto mantemento para o fin intrínseco da ocupación, o ocupante garantizará a súa perfecta reposición. Sempre que haxa perigo de deterioros, avaliado polos técnicos municipais, imporase unha fianza suficiente que garanta a súa reposición.

6.—As ocupacións ou aproveitamentos especiais non autorizados, ou que excedan o autorizado, serán obxecto de retirada inmediata por parte do Concello, sen prexuízo das sancións e da esixencia das responsabilidades que procedan.

*Art. 29.—Da ocupación dos espazos públicos para obras*

1.—Cando sexa necesario ocupar espazo público con estadas, guindastres fixos ou móbiles ou elementos similares para a realización material de obras en inmóbeis privados, esta ocupación será a mínima imprescindible, tanto en superficie ocupada como no seu tempo de duración e só poderá facerse con autorización expresa municipal.

2.—As referidas ocupacións realizaranse baixo a dirección de técnico competente, debendo achegar coa solicitude plano acoutado da ocupación do espazo público previsto, indicando as medidas de protección e sinalización necesarias e garantir o tránsito de vehículos e peóns, a seguridade dos traballadores/as ou persoas que as executen e dos/as viandantes, así como a do propio inmóbel e dos bens depositados sobre os espazos públicos. En todo caso atenderase ás indicacións que por mor dos referidos obxectivos poida efectuar a Policía Local.

3.—Correrán por conta do ocupante as actuacións complementarias precisas para garantir a seguridade e accesibilidade dos espazos estremeros, actuacións que se reflectirán na solicitude correspondente, así como a garantía de permanencia destas medidas en todo o tempo que dure a ocupación.

4.—En canto aos residuos esixiráselle o contrato con xestor autorizado, o cumprimento da normativa reguladora da produción de residuos da construción e demolición así como a súa acumulación dentro do espazo da obra; caso de ter que facelo xustificadamente no espazo público, farase con colectores de entullos, sacos ou calquera outro sistema en función da zona ou das características da obra, tendo, en todo caso, que ser retirados os fins de semana e festivos dos espazos públicos así como cumprir as restantes determinacións da ordenanza correspondente.

*Art. 30.—Da ocupación dos espazos públicos con terrazas ou veladores.*

1.—As xa tradicionais terrazas, mesas e cadeiras, constitúen un atractivo e elemento dinamizador de determinadas zonas da cidade que se pretendan potenciar como elementos de convivencia, ademais de contribuír a reforzar os usos humanizados e peonís dos espazos, dándolle unha dimensión de estancia da que doutro xeito poderían carecer. Cando cumpran estas finalidades e se adapten á ordenanza específica, poderán autorizarse e, incluso, potenciarse, quedando exentas das limitacións e prohibicións establecidas nos artigos 28.1 e 2.

2.—As terrazas poderán instalarse única e exclusivamente nas zonas que o Concello, mediante Ordenanza ou Bando defina en función dos obxectivos fixados no parágrafo anterior e cumprir as normas adicionais necesarias para os fins propostos, en canto a materiais, disposición, e demais características.

3.—Fixaranse como obrigas expresas dos titulares das terrazas, ademais das xenéricas para todo tipo de ocupacións e aproveitamentos especiais dos espazos públicos, as seguintes:

- a) Eliminar toda publicidade de cadeiras, mesas e parasoles.
- b) Retirar a terraza de xeito automático e inmediato cando sexa requirido pola autoridade municipal.
- c) Cumprir todas as obrigas que se recollan na Ordenanza específica e nos Bandos que a tal fin se publiquen.
- d) A ordenanza que as regule prohibirá definir espazos con cintas, mamparas ou plataformas permanentes.

*Art. 31.—Da utilización ou ocupación do subsolo público*

1.—A ocupación do subsolo implica polo xeral actuacións permanentes, con necesidade de obras, que, esixirá de previa aprobación de proxecto, licenza, autorización e, no seu caso concesión e só para os fins legalmente determinados.

2.—Só poderán autorizarse para os servizos públicos ou asimilados por mor da saturación de usos.

3.—A utilización do subsolo deberá observar a normativa técnica recollida tanto na lexislación sectorial como nas normas técnicas complementarias municipais.

4.—Toda ocupación do subsolo, incluído para estacionamentos públicos, garantirá a funcionalidade dos demais servizos que se prestan.

5.—As utilizacións e ocupacións do subsolo suxeitaranse ás taxas establecidas nas ordenanzas fiscais de aplicación.

*Art. 32.—Da ocupación dos voos con rótulos, toldos e similares.*

1.—A ocupación privada dos voos dos espazos públicos con elementos suspendidos como toldos, rótulos e similares, prohibirase cando os soportes se coloquen no propio espazo público agás que constitúan elemento complementario imprescindible doutra ocupación autorizada.

2.—A ocupación dos voos dos espazos públicos con rótulos, toldos e similares cando o soporte esté en fachadas ou outros bens privados, restrinxirase ao máximo en canto sobresaian das fachadas e constitúan estorbos ou perigo para os demais usos dos espazos públicos.

3.—En todo caso as súas características fixaranse pola normativa sectorial e as normas que aprobe este Concello e nunca se poderán colocar sen autorización ou licenza previa e expresa.

4.—Á ocupación estará suxeita ás taxas que se fixen nas ordenanzas fiscais correspondentes.

*Art. 33.—Outras ocupacións dos espazos públicos*

Tamén se poderán autorizar outras ocupacións ou aproveitamentos especiais dos espazos públicos para actividades de mínima afección física ou temporal e que se xustifiquen polo seu carácter tradicional, no fomento de actividades culturais, deportivas ou feiras e mercados consuetudinarios, entre outras.

## TÍTULO V

*Réxime de autorizacións nos espazos públicos*

*Art. 34.—Títulos habilitantes.*

1.—Os usos comúns xerais non precisarán de ningún tipo de autorización ou comunicación pre-

via, ao igual que os relativos á seguridade pública e protección cidadá.

2.—Estarán sometidos a licenza ou autorización previa os usos comúns especiais normais dos espazos públicos, así como os usos privativos normais sempre e cando, respecto a estes últimos, a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontábeis ou bens mobles, ou se trate simplemente do estacionamento de materiais ou instalacións accesorias e non permanentes.

O permiso de ocupación temporal neste último caso non poderá exceder de catro anos. Os supostos de duración do aproveitamento ou uso excedendo do prazo de catro anos estarán suxeitos a concesión.

As licenzas esixiranse para as ocupacións tanto directas como indirectas, de xeito duradeiro ou transitorio, como poden ser as seguintes: pasaxes permanentes de vehículos, acceso de vehículos que superen os límites fixados, a entrada de vehículos en zonas exclusivas peonís, feiras de produtos tradicionais, instalación de colectores ou outros sistemas de acumulación de refugallo de obra, sinalizacións de estacionamentos, terrazas, actividades comerciais tradicionais fora dos mercadiños, caixeiros automáticos en fachada ou cara a rúa, espellos en vías públicas, guindastres fixos, entre outros.

A licenza para os usos comúns especiais normais dos espazos públicos axustarase á natureza do dominio, ós actos da súa afectación e apertura ó uso público e ós preceptos de carácter xeral, e se outorgarán directamente agás si por calquera circunstancia se limitase o número das mesmas, suposto no que se outorgarán por licitación e, se non for posible, porque todos os autorizados tivesen que reunir as mesmas condicións mediante sorteo.

En todo caso non serán transmisíbeis as licenzas que se refiran ás cualidades persoais do suxeito ou cuxo número estivese limitado ou así o determine a ordenanza correspondente.

As licenzas outorgaranse normalmente por evento ou por períodos anuais renovables, e en ningún caso por tempo indefinido.

As autorizacións ou licenzas sinaladas poderán ser revocadas unilateralmente pola Administración sen dereito a indemnización, nos supostos previstos polo art. 92.4 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Polos mesmos motivos poderán variarse as condicións do seu outorgamento e a súa situación sen que xeren nin consolidan ningún dereito de permanencia nin de calquera outro tipo.

3.—Precisarán de concesión administrativa os usos anormais dos bens de dominio público.

Estarán sometidos, así mesmo, ao deber de obtención previa de concesión, os usos privativos sempre que ocupación do dominio público se reali-



ce con obras ou instalacións fixas ou permanentes, e cando a ocupación temporal supere o prazo de catro anos.

As concesións outorgaranse consonte á normativa reguladora dos bens das Corporacións locais e, por remisión desta, á lexislación sobre a contratación do sector público.

4.—Dentro dos usos autorizables ou licenciados distinguirase entre os que precisan autorización previa expresa con efectos do silencio desestimatorios por outorgar facultades relativas ó demanio público e os que se declaran como de autorización automática previa comunicación.

Deste xeito deberán ser comunicados previamente cunha antelación mínima de oito días e automaticamente concedidos, salvo resolución motivada expresa en contra, todos os usos que se refiran a autorizacións para ocupacións de vía pública para colocación de pancartas en lugares axeitados e non prohibidos para este fin e pegadas de carteis con fins sociais ou políticos nos lugares de costume ou os habilitados ao efecto que non danen o patrimonio público ou privado.

As pancartas colocaranse mediante sistemas que non produzan danos nas árbores, postes, fachadas particulares ou elementos do alumado público. Durante o período en que permanezan instaladas e ata a súa retirada, vixiarase o seu correcto anclaxe e estado para evitar accidentes e que permanezan instaladas unha vez producido o seu deterioro. De se prever a súa instalación por riba de viario con tráfico rodado, colocaranse a unha altura mínima do nivel do solo de catro con cincuenta metros (4,50 m). Os elementos permanentes como as pancartas, terán que ser retiradas pola entidade ou persoa que as colocou nos 5 días posteriores ao evento e non poderán estar, en total, mais de 30 días colocadas.

6.—Á hora de axuizar administrativamente as solicitudes de licenzas, autorizacións e concesións ponderaranse os criterios, principios e orde de prelación que se establecen nas correspondentes Ordenanzas, que serán adaptadas aos criterios establecidos nas presentes directrices.

*Art. 35.—Dos usos e ocupacións suxeitos a licenza ou autorización previa.*

1.—O procedemento xeral de autorizacións será o seguinte:

Solicitud con descrición suficiente da necesidade e das características da ocupación ou uso.

Informe motivado da Policía Local e no seu caso servizos técnicos municipais.

Resolución ou Decreto autorizando, modificando ou denegando motivadamente a pretensión instada.

Xunto coa solicitude de autorización ou licenza achegarase a documentación esixida pola Ordenanza específica correspondente que fixará o prazo máximo de resolución debendo requirir, segundo os casos:

- Copia da licenza que autorice a actividade: de apertura, de obras ou de instalación e actividade.
- Plano de situación.
- Plano acoutado da ocupación do espazo público previsto.
- Xustificación de que a ocupación temporal ou aproveitamento especial demandado non interfere o tránsito peonil, nin prexudica a outros establecementos ou outras actividades, incluído o tráfico rodado se é o caso.
- Zona na que se garante por parte do solicitante a libre circulación de persoas e, no seu caso, vehículos.
- Xustificante do pagamento da correspondente taxa por ocupación de vía pública segundo as ordenanzas fiscais vixentes.

O acordo de autorización incluírá, en todo caso, os contidos mínimos precisados polo art. 92.7 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas.

2.—O procedemento para a concesión das licenzas ou autorizacións sinaladas esixirá a previa redacción de bases ou pregos cos contidos mínimos previstos no art. 92.7 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas, así como licitación pública previa, con anuncio no BOP, cando se encontrara limitado o seu número.

*Art. 36.—Do procedemento simplificado perante a Policía Local.*

1.—Co fin de axilizar a xestión administrativa das autorizacións de ocupación de vía pública e acadar unha maior celeridade e eficacia na actividade administrativa, as seguintes solicitudes de autorización para ocupación da vía pública serán cursadas directamente nas dependencias da Policía Local e resoltas no xeito establecido na Instrución de servizo vixente ou na Instrución ou circular que no futuro a substitúa:

- a) Autobuses informativos.
- b) Mesas informativas e petitorias.
- c) Ocupación dos espazos públicos para mudanzas.
- d) Entrada e estacionamento de vehículos no centro histórico ou zonas de tráfico restrinxido con motivo de vodas.
- e) Estacionamento das unidades de retransmisión de TV.

- f) Eventos culturais, festivos e probas deportivas ao aire libre.
- g) Transportes especiais.
- h) Coñecemento de concentracións e manifestacións e presentación das oportunas observacións ante a Subdelegación do Goberno.
- i) Procesións.
- j) Solicitudes de colocación de guindastre mobil non vencellados á execución dunha obra e que non precisan dunha licenza previa. Como por exemplo para a limpeza de cristais.
- k) Colocacións de guindastre mobil con ocasión de obras licenciadas.
- l) Ocupación de vía pública con valados de obra e reserva de espazos en beirarrúas e estacionamento para realización de obras maiores previamente licenciadas.
- ll) Cortes de trafico con motivo da execución de obras en parcelas privadas.

2.—O procedemento simplificado, documentación a achegar e réxime de cada solicitude a tramitar perante a policía local será o establecido na Instrución da Tenencia da Alcaldía de 16 de novembro de 2006 ou nas que no futuro se poidan ditar na súa substitución.

#### *Art. 37.—Das actuacións prohibidas*

Definiranse como actuacións prohibidas nos espazos públicos, as diferentes ao uso común xeral normal que se efectúen sen título xurídico habilitante e, en particular, as que afecten ao seu funcionamento ou estado de conservación, entre elas: actividades comerciais non autorizadas nos espazos públicos, as que deterioren os seus elementos, o vertido de augas sucias ou de materiais ou substancias que os lixen ou deterioren, colocación de elementos de publicidade comercial fora dos lugares habilitados e autorizados expresamente para este fin, entre outras.

### TÍTULO VI

#### *Da participación e colaboración cidadá*

#### *Art. 38.—Dos principios da participación cidadá.*

1.—En base aos principios que se definen nestas Directrices as Ordenanzas reguladoras dos espazos públicos partirán da premisa de considerar aos cidadáns e a administración local como corresponsábeis e copartícipes do tratamento, sostemento e xestión dos espazos públicos.

2.—Distinguiranse tres niveis de participación e corresponsabilidade en función do número de participantes:

- a) Participación individual ou de pequenos grupos, que constitúe a interlocución entre ad-

ministración e cidadáns de iniciativa particular sobre temas puntuais.

1. Todo cidadán ten o dereito de demandar melloras e manifestar a súa opinión sobre calquera aspecto relacionado cos espazos públicos e, no caso de asuntos que poidan afectar á seguridade ou a salubridade pública, o deber de pólo en coñecemento dos responsábeis administrativos para a súa pronta emenda.

2. Os cidadáns, consonte ao disposto na le, estarán tamén obrigados a achegar ó Concello cando este así o requira, cantos datos, documentos e informes obren no seu poder e sexan relevantes para a xestión e defensa dos bens e dereitos municipais, así como a facilitar a realización de inspeccións e outros actos de investigación referidos ós bens demaniais.

- b) A participación a través do movemento social organizado canalizado polas súas directivas e sobre asuntos relacionados cos espazos públicos do seu ámbito xeográfico de actuación.
- c) Participación xeral a través de órganos nos que se traten asuntos relacionados cos espazos públicos que afecten á dinámica xeral do Concello ou de amplas áreas xeográficas.

#### *Art. 39.—Dos mecanismos de participación*

1.—A participación individual canalizarase a través de comunicacións directas que poderán ser telefónicas, verbais nas dependencias municipais, por correo ordinario ou electrónico, por escrito ou calquera outra forma que permita ter constancia da súa recepción ou pola que faga constar de xeito expreso o que queira aportar en relación aos espazos públicos.

No caso de denuncias e demandas que afecten á seguridade ou salubridade dos espazos públicos, recomendarase a comunicación telefónica ou mediante comparecencia na Policía Local.

Sen prexuízo da obriga de información aos interesados establecida polo art. 42.4, respecto daquelas solicitudes que produzan a incoación de expedientes, o Concello responderá, se é o caso, polo mesmo medio empregado polo comunicante nun prazo máximo de 10 días, sobre os efectos derivados da súa comunicación.

2.—A participación das asociacións e outros colectivos canalizarase, ben a través dos mesmos mecanismos fixados para a participación individual e coas mesmas obrigas para a administración, ou ben mediante entrevistas, asembleas informativas e/ou consultivas, a través dos consellos sectoriais, dos órganos de participación veciñal que se poidan crear a nivel de distrito, dos demais órganos complementarios de participación

habilitados polo concello ou calquera outro mecanismo de participación e intercambio de información e opinións. Por outra parte, as asociacións serán convidadas a participar activamente en todas as campañas e actuacións relacionadas cos usos e protección dos espazos públicos que inicie a administración municipal.

## TÍTULO VII

### *Réxime sancionador. Reposición e indemnización por danos*

#### *Art. 40.—Principios Xerais*

1.—A gradación e tipificación das infraccións e das sancións farase en base aos criterios de prelación e de importancia fixados nas Ordenanzas específicas en desenvolvemento das presentes directrices.

2.—Toda infracción que supoña dano ou deterioro dos espazos públicos, ademais da correspondente sanción, levará aparellada a obriga do infractor de reposición de ben danado ou restauración das cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida e así se reflectirá na ordenanza correspondente.

3.—O Concello incorporará ás ordenanzas específicas mecanismos para poder ofertar ao expedientado e este interesarse, con carácter previo á adopción da resolución sancionadora, a opción de solicitar a substitución, total ou parcial, da sanción pecuniaria que corresponda pola realización de tarefas ou labores en beneficio da comunidade, da natureza e alcance axeitados e proporcionados á gravidade da infracción.

*Disposición adicional primeira.*—Facúltase á Alcaldía para a publicación no Boletín Oficial da Provincia das presentes directrices ao abeiro do establecido no art 21 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Disposición adicional segunda.*—Ás áreas e servizos municipais correspondentes procederán á aplicación inmediata destas instrucións e ordes de servizo e á elaboración de normas específicas internas de funcionamento que garantan o seu eficaz cumprimento.

*Disposición derradeira.*—O Concello, no prazo de dous anos a partir da publicación destas directrices adaptará as súas Ordenanzas e Regulamentos relacionados cos usos e protección dos espazos públicos nas que teñan incidencia as súas determinacións e principios, nomeadamente, en materia de verteduras e servizos de auga e sumidoiros, circulación nas vías urbanas do municipio, limpeza, instalación e utilización de

veladores, colectores de entullos, venda ambulante, e, no seu caso, as ordenanzas fiscais correspondentes.

Pontevedra, 27 de febreiro de 2009.—O Alcalde, Miguel A. Fernández Lores.—O Secretario do Pleno, José Luis Mato Rodríguez. **2009002328**

\* \* \*

## AS NEVES

### E D I C T O

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 12 de novembro de 2008, acordou efectuar a convocatoria das probas selectivas para a provisión en propiedade da praza vacante na Oferta de Emprego Público para 2.007, de persoal laboral fixo, polo procedemento de concurso-oposición por promoción interna e de conformidade coas seguintes Bases:

*“Bases reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para cubrir unha praza de Oficial de Servizos Múltiples-Conductor por Promoción Interna, vacante no cadro de persoal laboral fixo neste Concello de As Neves e incluída na Oferta Pública de 2007.*

#### PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten por obxecto a presente convocatoria cubrir un posto de traballo incluído na Oferta de Emprego Público 2007 e vacante no cadro de persoal laboral fixo do Concello de As Neves a cubrir mediante promoción interna.

#### SEGUNDA.—CARACTERÍSTICAS DA PRAZA CONVOCADA

Un posto de traballo laboral con carácter fixo de Oficial de servizos múltiples-conductor, por promoción interna e dotado coas retribucións básicas e complementarias establecidas no orzamento municipal, equiparado ao grupo C, subgrupo C2 do persoal funcionario segundo o establecido no artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

As funcións serán as de conductor de camiión do lixo e doutros vehículos municipais (excepto maquinaria pesada) e outras análogas co posto, que se poidan encomendar polos órganos municipais competentes.

#### TERCEIRA.—SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección a utilizar é o de concurso-oposición mediante promoción interna.

#### CUARTA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Con carácter xeral para ser admitidos na realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos: